

**REGULAMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN**  
**LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE**  
**VILAGARCÍA DE AROUSA**

**1.- ORGANIZACIÓN, FINALIDADE E ACTIVIDADES**

**ARTIGO 1**

O Servizo de normalización lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa é un servizo que estará integrado na Concellería de Cultura.

**ARTIGO 2**

Son os seus fins:

- a) Levar a cabo proxectos que protexan o idioma galego e pular tanto pola súa normalización na Administración municipal coma no seu uso público.
- b) Fortalecer e protexer calquera manifestación que nese senso se tente.
- c) Coordina-las actividades e proxectos de normalización.
- d) Dar cumprimento á Lei do uso do galego polas entidades locais e Lei de normalización lingüística.

**ARTIGO 3**

O Servizo municipal de normalización lingüística tratará de acadar os seus obxectivos a través das seguintes actividades:

**3.1- Internamente**

- a) Cursos de formación, iniciación e perfeccionamento para o persoal do Concello.
- b) Comunicacions, orais e escritas, cos administrados.
- c) Dotar ás bibliotecas e axencias de lectura de fondos bibliográficos en galego.
- d) Normalización lingüística de tódolos documentos e impresos de uso común en galego.
- e) Estudio e uso inescusable da toponimia galega como está preceptuado legalmente.
- f) Publicacións municipais en galego, BOP, DOGA, xornais, bandos, festas, actividades culturais e deportivas, etc.
- g) Progresivo uso do galego nos distintos servizos municipais, así como a súa informativización.
- h) Conquerir que os documentos contractuais subscritos polo Concello sexan redactados en galego. Se a outra parte contratante o solicitase ou o negocio debese producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.
- i) As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7-2 da Lei 3/1983 da Lei de normalización lingüística.
- l) Velar para que se utilice o galego en toda a documentación, escritos, informes, etc. que se produzan no Concello.

3.2-Externamente:

- a) Cursos de galego.
- b) Publicidade do servizo
- c) Asesoramento para a confección de programas ás comisións de festas do Concello.
- d) Facilitación de antropónimos galegos con campañas e asesoramento para a galeguización do cambio de nome.
- e) Asesoramento ós veciños en canto ó uso e emprego da nosa lingua, así coma a aquelas empresas que o requiran.
- f) Remata-la corrección toponímica da guía telefónica.
- g) Publicacións en galego.
- h) Xornadas sobre lingua galega.
- i) Cooperación cos Servizos de normalización lingüística de centros de ensino e outras entidades.
- l) Iniciativas normalizadoras do Concello en pequenas prazas, rúas, etc.
- m) Velar para que tódalas actividades que contén con subvención ou colaboración do Concello, redacción de programas e propaganda, tanto oral coma escrita, estean en lingua galega, chegando, de se-lo caso, a que esta sexa condición imprescindible para recibir-la devandita subvención ou colaboración por parte do Concello.

**ARTIGO 4**

O Servizo de normalización lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa manterá estreitas relacións con cantos organismos públicos teñan por finalidade a normalización do idioma galego.

**ARTIGO 5**

Son órganos do servizo:

- o/a presidente/a do Consello de normalización lingüística
- o Consello de normalización lingüística
- o/a xefe/a -encargado/a do Servizo de normalización lingüística municipal
- os grupos de traballo

**II.- O PRESIDENTE**

**ARTIGO 6**

O/a alcalde/sa-presidente/a da corporación é, por dereito propio, presidente/a do Consello de normalización lingüística, podendo delegar esta función en calquera membro da corporación municipal.

**ARTIGO 7**

Son funcións propias do/a presidente/a do consello:

- a) Interpreta-lo regulamento do Servizo de normalización lingüística.

- b) Ordena-las convocatorias para as xuntanzas do servizo e, no seu caso, suspendelas, tanto nas ordinarias coma nas extraordinarias.
- c) Dirixi-las xuntanzas dos organismos dependentes do servizo que puideran crearse, despois da constitución dos grupos de traballo e do Consello.
- d) Formula-la orde do día, e dirixi-las discusións das sesións e dos demais organismos do servizo e facer cumpri-las decisións, de conformidade coas actas.
- e) Posesionar dos seus cargos ós/ás conselleiros/as e ós/ás presidentes/as dos grupos de traballo.
- f) Representa-lo servizo ante as autoridades, organismos e demais entidades oficiais e privadas.
- g) Executa-los acordos do Consello de normalización lingüística.
- h) Adopta-las medidas pertinentes para que, en cumprimento do que determina o artigo nº4.1 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, e artigos nº 1.1 e 2.1 da Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, se utilice o galego en todo tipo de escritos, informes e documentación en xeral, en tódalas dependencias municipais.

### III.- O SECRETARIO

#### ARTIGO 8

Será secretario do Consello de normalización lingüística o/a xefe/a encargado/a do Servizo de normalización lingüística, correspóndenlle as seguintes funcións, sen prexuízo da superior dirección que lle corresponderá á Secretaría xeral do Concello.

- a) Asesorar previamente, en asuntos da súa competencia, as intervencións externas do servizo.
- b) A organización xeral da administración do servizo.
- c) Redactar e transcribi-la actas do Consello e redacta-las respectivas ordes do día por orde do/a presidente/a
- d) Custodia-la documentación, selo e libros de actas do servizo.
- e) Presentación resumida de tódalas actividades do servizo, despois de ter recollidas as propostas dos grupos de traballo.
- f) Enlaza-las relacións entre o servizo e mailos grupos de traballo.
- g) Organiza-la difusión das actividades.
- h) Coordina-las publicacións do servizo.
- i) Traducir, por orde da presidencia, toda a documentación non normalizada no noso idioma.
- l) Outras funcións do servizo que se lle asignen.

### IV.- O CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### ARTIGO 9

Formado por: o/a presidente/a, os concelleiros, o/a secretario/a

## V.- OS CONSELLEIROS

### ARTIGO 10

Serán conselleiros os seguintes:

- o/a concelleiro/ delegado/a de Cultura
- un/unha concelleiro/a por cada grupo municipal
- dúas persoas de solvencia intelectual da nosa cultura, radicada na bisbarra, elixidas por tódolos grupos municipais
- dúas persoas pertencentes á Mesa pola normalización lingüística e elixidas por esta
- unha persoa por cada grupo de traballo que se constituía, designada por este, preferentemente o/a presidente/a
- unha persoa por cada asociación cultural adherida

## VI.- DAS ATRIBUCIÓNS E COMPETENCIAS DOS CONSELLEIROS

### ARTIGO 11

Son atribucións dos conselleiros:

- a) Axudar eficazmente a acadar os obxectivos do Servizo de normalización especificados no artigo 2) deste regulamento e colaborar nas actividades indicadas no artigo 3.
- b) Trasladarlle ó presidente do servizo as propostas, suxerencias, actividades, proxectos, etc., que xulguen conducentes á consecución dos obxectivos e desenvolvementos que ten o Consello de seu.
- c) Integraranse e participarán nos grupos de traballo, relatorios, etc. que lles sexan confiados polo presidente ou polo Consello.

## VII.- RÉXIME DE SESIÓNS DO CONSELLO

### ARTIGO 12

O Consello xuntarase con carácter ordinario trimestralmente, sendo a súa misión a de asesorar e contribuír á coordinación e execución material dos obxectivos e actividades.

### ARTIGO 13

Os acordos do consello no terán carácter executivo, debendo proporlle á Comisión municipal de goberno ou ó Pleno da Corporación municipal a toma en consideración de tódalas cuestións que coiden interesantes para a consecución dos obxectivos do servizo.

#### **ARTIGO 14**

Será precisa a presenza do/a presidente/a, secretario/a, e da metade dos conselleiros na súa primeira convocatoria, e a do/a presidente/a, secretario/a e un tercio dos conselleiros na segunda. As convocatorias das sesións faranse cun mínimo de 48 horas de antelación.

#### **ARTIGO 15**

Tódolos asuntos tratados no Consello constarán en acta, e o orixinal será redactado e arquivado polo/a secretario/a, co visto e prace da presidencia.

### **VIII.- OS GRUPOS DE TRABAJO**

#### **ARTIGO 16**

Nos grupos de traballo poderán integrarse tódolos movementos culturais, cidadáns, deportivos, persoas interesadas que o soliciten, quedando deste xeito vencelladas ó Consello de normalización lingüística, participando a tódolos niveis na actuación deste.

#### **ARTIGO 17**

Cada grupo de traballo terá un/ha presidente/a que será responsable de coordinar e dirixi-la actividade daquel. Os responsables dos grupos de traballo serán nomeados polo/a presidente/a do Consello a proposta destes.

#### **ARTIGO 18**

Os grupos de traballo proporánlle ó Consello no último trimestre un plan que se ha realizar nas súas áreas de actuación no ano seguinte, delimitando os diferentes xeitos de execución.

### **IX.- FACENDA DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **ARTIGO 19**

Os ingresos do Servizo de normalización serán:

- a) A consignación que deberá figurar nunha partida propia, habilitada para tal efecto no presuposto xeral municipal.
- b) As subvencións ou donativos fixos e eventuais da corporación entidades oficiais, etc.

**X.- SEDE DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**ARTIGO 20**

A sede do Servico de normalización estará na Casa do Concello.

**ARTIGO 21**

O seu horario será o das restantes dependencias municipais, figurando á fronte do servico o/a xefe/a encargado/a deste.

**XI.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

**ARTIGO 22**

Correspóndelle ó Pleno da corporación o determina-lo xeito de adscrición e provisión de persoal idóneo para o correcto funcionamento do Servico de normalización lingüística municipal.

**XII.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

A Corporación municipal adoptará as medidas necesarias para que o posto de traballo de xefe/a-encargado/a do Servico de normalización lingüística estea permanentemente cuberto.